

# PROGRAMA

LUNS, 5

OURENSE 20:30 **TEATRO PRINCIPAL**  
Cerimonia de apertura do Festival

MARTES, 6

BANDE 20:30 **Festival na Praza da Constitución**

O BARCO 22:30 **Festival no Campo da Festa-Malecón**

MÉRCORES, 7

CARBALLIÑO 22:30 **Festival na Praza Maior**

MANZANEDA 22:30 **Festival no Patio do Colexio**

XOVES, 8

12:00 **Recepción Oficial na Deputación de Ourense**

ALLARIZ 23:00 **Festival no Campo da Barreira**

MACEDA 22:30 **Festival na Praza das Toldas**

VENRES, 9

RIBADAVIA 23:00 **Festival no Auditorio do Castelo**

TRIVES 22:30 **Festival no Colexio Sta. Leonor**

SÁBADO, 10

A RÚA 23:00 **Festival no Parque do Aguillón**

VIANA DO B. 22:30 **Festival na Praza Maior**

DOMINGO, 11

VERÍN 22:30 **Festival na Praza Maior**

XINZO DE LIMIA 20:00 **Desfile: Parque do Toural - Pza. Carlos Casares**

DE LIMIA 20:30 **Festival na Praza Carlos Casares**

LUNS, 12

OURENSE 22:30 **Desfile: Parque de S. Lázaro - Pza. Maior**

OURENSE 23:00 **Festival na Praza Maior**

MARTES, 13

C. CALDELAS 20:30 **Festival no Patio do Castelo**

CELANOVA 20:30 **Festival no Claustro do Mosteiro**

MÉRCORES, 14

ENTRIMO 20:30 **Festival na Alameda**



## XXX XORNADAS DE FOLCLORE

ORGANIZA



Teatro Principal de Ourense



PATROCINAN



DIRECCIÓN

Olga Mojón Costela

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Xulio Fernández Senra

SECRETARÍA

Fco. Javier Álvarez Campos

XORNADAS DE FOLCLORE

Apdo. de Correos 484  
32080 Ourense - España  
Telf./Fax: 00 34 988 249493  
xornadasfolclore@depourense.es

VILA FOLCLÓRICA

Centro Residencial Docente  
Universidade Laboral  
Avda. da Universidade, s/n  
A Cuña - Mariñamansa - Ourense

# XXX XORNADAS DE FOLCLORE



Foto: Alvaro Vaquero

5 / 14 DE AGOSTO DE 2013

OURENSE A RÚA ALLARIZ BANDE CASTRO CALDELAS CELANOVA  
ENTRIMO MACEDA MANZANEDA O BARCO O CARBALLIÑO  
RIBADAVIA TRIVES VERÍN VIANA DO BOLO XINZO DE LIMIA



**BIELORRUSIA**  **BELAYA RUS' FOLK DANCE AND MUSIC ENSEMBLE** web: [www.larimo.org](http://www.larimo.org)

A compañía Folk Dance and Music Belaya Rus' foi creada no ano 1946 como unha sección máis do Pazo de Cultura da Xuventude de Minks, capital de Bielorrusia, sendo unha das máis antigas do país. Ten a honra de estar considerada como o exemplo a seguir no estudo, tratamento e posta en escena do folclore bielorruso.

O repertorio do grupo está composto por bailes, cancións e músicas das diferentes rexións de Bielorrusia, reunindo deste xeito unha gran variedade de tradicións, de características e modos de actuar, así como un colorido vestuario, sendo este outro dos aspectos polos que destaca Belaya Rus'. Os tecidos, os peculiares bordados, o colorido e a decoración dos distintos traxes tradicionais son un elemento fundamental nas actuacións do grupo bielorruso.



A orquestra está composta por dez músicos que cos seus violíns, frautas, clarinetes, guitarras e acordeón poñen o ritmo aos bailes tradicionais cheos de virtuosismo, elegancia e asombrosos saltos e piruetas que ao longo da súa dilatada historia foron mostrando por festivais de todo o mundo: Alemaña, Italia, Grecia, Polonia, USA, Bélxica, España, etc., acadando o aplauso e recoñecemento tanto de organizadores como de público e crítica.

**BOLIVIA**  **BALLET FOLKLÓRICO DE LA PAZ – BAFOPA**

O Ballet Folklórico de la Paz (BAFOPA) é unha institución creada en 2006 que se dedica ao campo da investigación, ensinanza e posta en escena dos bailes e danzas tradicionais bolivianas. A pesares da corta historia deste grupo, xa ten percorrido gran parte do país andino, así como diferentes países americanos e europeos, sendo esta a segunda vez que veñen a Ourense.

O seu variado repertorio tanto musical como coreográfico, o vestuario e a súa riqueza escénica e interpretativa fai que BAFOPA sexa un dos grupos con máis proxección dentro do folclore boliviano. Os seus espectáculos ofrecen un percorrido polas diferentes rexións de Bolivia: El Chaco, A Serra, O Altiplano, A Paz..., o que nos permite, a través dos distintos ritmos, coñecer a totalidade do folclore boliviano.



**BRASIL**  **COMPAÑÍA RITMOS E DANÇAS POPULARES CORDAPES**

A Compañía Ritmos e Danças Populares Cordapes representa a cultura brasileira na súa diversidade. Traballa na comunidade do Conjunto Palmeiras, suburbio da cidade de Fortaleza, dende hai catro anos con 124 compoñentes entre nenos, mozos e adultos, tendo como principal obxectivo desenvolver accións socioculturais a través da danza e a artesanía tradicional. No seu traballo de investigación sobre o folclore ten profundizado na pesquisa de bailes de orixe indíxena, bailes pertencentes aos escravos levados de África na época colonial e tamén bailes de orixe europea, amalgama que configura a actual cultura brasileira.



**FILIPINAS**  **PAMANA ng LuzViMinda PHILIPPINE FOLKLORIC DANCE COMPANY**

**PAMANA ng LuzViMinda Philippine Folkloric Dance Company** é un grupo de canto e baile tradicional filipino creado en 2005 pola comunidade emigrante do país asiático en Montreal, Canadá, co obxectivo de dar a coñecer e manter viva a cultura tradicional filipina entre os mozos que viven lonxe da terra das súas orixes, inculcando os sentimentos de identidade, de aprecio e dignidade sobre as súas tradicións. Coa intención de medrar como grupo tanto en calidade artística como humana, Pamana Folk Dance Company ten organizado numerosos obradoiros de baile tradicional no que colaboraron as máis prestixiosas agrupacións de folclore de Canadá, como Folklorico Filipino, que ten pasado polo noso festival en edicións anteriores.

O grupo mostra un variado repertorio de bailes e cancións das diferentes illas de Filipinas, atezado cun colorido vestuario, que vai dende os traxes indíxenas até o vestuario introducido polos españois e que pouco a pouco foi evolucionando.



Durante o seu curto percorrido pola historia do folclore, o grupo xa ten participado nos festivais máis importantes de Canadá. En 2010 cruzaron o Atlántico para participar en festivais de Francia e este ano visitan por primeira vez o noso país.

**SERBIA**  **BALLET FOLKLORICO "SIMYONOV-TUCOVIC"**

Este grupo foi creado na cidade de Belgrado no ano 1988 coa idea de mostrar o folclore dos diferentes pobos que naquel momento formaban Iugoslavia, ofrecendo unha visión máis moderna e acorde coas esixencias do público para o que ofrecían os seus espectáculos, iso si, mostrando en todo momento a autenticidade, as características e a identidade dos bailes e a cultura que representan. O pobo serbio, dada a súa situación xeográfica no centro dos Balcáns, enriqueceuse coa cultura chegada dos máis diversos lugares: o próximo Oriente, o Mediterráneo, os pobos eslavos, os maxiares, e os centroeuropeos, a antiga Roma e a clásica Grecia, todos eles contribuíron a crear un folclore rico, variado e vistoso, que o grupo **Simyonov-Tucovic** soubo sintetizar nun espectáculo que lle ten permitido ser recoñecido como un dos principais embaixadores do folclore de Serbia. Ao longo da súa historia, Simyonov-Tucovic ten participado, representando a Serbia, en festivais de todo o mundo: México, Taiwán, Dubai, Israel, toda Europa, sendo España un dos seus países predilectos.



**POLONIA**  **REGIONAL FOLK SONG AND DANCE ENSEMBLE "JODELKI"**

O Grupo de Canto e Danza folclórica rexional "Jodelki" naceu no ano 1999 na pequena cidade de Radziechowy, no sur montañoso de Polonia, rexión de Katowice, moi próximo ás fronteiras con Eslovaquia e Chequia. É unha rexión que, quizais polo seu illamento, soubo manter as súas tradicións e o seu patrimonio etnográfico, o que fixo que o seu folclore se mantivese vivo.

"Jodelki" toma as cancións, músicas e bailes do seu traballo de campo para levalas aos escenarios dos festivais de todo o mundo nos que participa. Así mesmo, os seus variados e coloridos vestuarios, son unha mostra do rico folclore da rexión. Os músicos interpretan os instrumentos tradicionais da rexión, os violíns, violas, contrabaixos e acordeóns, pero tamén os típicos instrumentos dos pastores, unha das principais ocupacións da zona, instrumentos como as trompas, cornos e frautas.

Nestes 15 anos de historia, o grupo ten visitado festivais de Hungría, Chipre, Eslovenia, Turquía, Finlandia, etc., obtendo numerosos premios e o aplauso do público, da prensa e de organizadores, sendo os seus espectáculos a mellor tarxeta de presentación.

